

DONA M.^a DEL CARMEN PIeltaIN FERNÁNDEZ, CONCELEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 05 de agosto de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ENLACE DA BASE TERCEIRA DAS BASES CORRESPONDENTES AO XXXIV PREMIO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE FERROL. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024018407). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“Antecedentes.-

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 08 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo de APROBACIÓN DAS BASES CORRESPONDENTES Ó XXXIV PREMIO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE FERROL"

Na base terceira das anteditas bases relativa a inscrición, indicase que esta realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do concurso, a través do seguinte enlace: www.ferrol.gal/piano.

A dita dirección non é correcta

Ordeamento Xurídico

O artigo **109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**, segundo que as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancias dos interesados, os erros materiais, aritméticos ou de feito.

Atendendo a todo o sinalado, propónse a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Corrixir o erro material detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de xullo, relativo a bases terceira sobre a inscrición dos concursantes de xeito que onde di: (...)... *A inscrición realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do Concurso, a través do seguinte enlace: www.ferrol.gal/piano. ... debe dicir “(...) A inscrición realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do Concurso, a través do seguinte enlace: www.pianoferrol.com.”*

Elevase para a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local que resolverá o que estime convinte.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE ACCIDENTAL